



**SESION ORDINARIA  
DO PLENO DA CORPORACION  
CORRESPONDENTE O DIA 9 DE ABRIL DE 2.018**

No salón de Sesiões da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás vinte horas e trinta minutos do día nove de abril de dous mil dezaoto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa asistencia dos Sres. Concelleiros D. Antonio Blanco Martínez, D. Jose Antonio Carracedo Ramírez, D. Juan Santiago González Rodríguez, e D<sup>a</sup> María Teresa Pereira Quintas, coa ausencia dos Sres. Concelleiros, D. Francisco José Montesinos Rodríguez, D. Jose Luis Rodríguez Alonso, D. Santos Piornedo Piornedo e D. Jesús Río Piornedo; actuando como Secretario da Corporación, D. Antonio Mosquera Rodríguez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebra-la Sesión Ordinaria en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

**1º.- APROBACIÓN DE CAMBIO DE DATA DA SESIÓN ORDINARIA.**

Tras as manifestacións da Alcaldía sobre o cambio de data da sesión ordinaria correspondente ó mes de marzo de 2018, o Pleno Municipal por unanimidade dos asistentes, procede acceder ó cambio da data da celebración da mesma.

**2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Por unanimidade dos asistentes aprobouse a acta correspondente á sesión extraordinaria -urxente correspondente ó día 11 de decembro de 2017

**3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EJERCICIO ECONÓMICO DE 2018.**

De seguido dase conta ó Pleno Municipal do proxecto de orzamento para o exercicio 2018, así como das Bases de Execución e demais documentación que integran o mesmo.

Tra-las correspondentes aclaracións da Alcaldía e Secretaría Xeral, o Pleno Municipal cos votos a favor de D. Rafael Pérez Vázquez, D. Antonio Blanco Martínez, D. Jose Antonio Carracedo Ramírez, D. Juan Santiago González Rodríguez e D<sup>a</sup> María Teresa Pereira Quintas,

ACORDA:

- 1.- Aproba-lo Proxecto do Orzamento para o exercicio do 2018 que se reseña no presente acordo.
- 2.- Aproba-las Bases de Execución, así como, a relación de postos de traballo.

**ORZAMENTO DE INGRESOS 2018**

Capítulo 1º	Impostos Directos	147.000,00
Capítulo 2º	Impuesto indirectos	5.000,00
Capítulo 3º	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	60.100,00
Capítulo 4º	Transferencias correntes	504.500,00
Capítulo 5º	Ingresos Patrimoniais	100,00
Capítulo 6º	Inversións Reais	--
Capítulo 7º	Transferencias de Capital	51.000,00
Capítulo 8º	Activos financeiros	--
Capítulo 9º	Pasivos financeiros	--
<b>SUMA TOTAL ORZAMENTO</b>		<b>767.700,00</b>

**ORZAMENTO DE GASTOS 2018**

Capítulo 1º	Gastos de persoal	356.883,00
Capítulo 2º	Gastos correntes e de Servizos	235.960,00



Capítulo 3º	Gastos financeiros	12.000,00
Capítulo 4º	Transferencias correntes	17.000,00
Capítulo 5º	Fondo de continxencias	500,00
Capítulo 6º	Inversións reais	80.357,00
Capítulo 7º	Transferencias de capital	--
Capítulo 8º	Activos financeiros	--
Capítulo 9º	Pasivos financeiros	65.000,00
<b>SUMA TOTAL ORZAMENTO</b>		<b>767.700,00</b>

3.- Que se prosiga o Expte. con inmediata exposición pública por espazo de 15 días.

4.- De non presentarse durante o prazo de exposición, reclamación contra o mesmo, entenderase aprobado definitivamente, caso contrario o Pleno resolverá as reclamacións.

#### **4º.- PROPOSTA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER ENTRE A MANCOMUNIDADE CONSO-FRIEIRAS E O CONCELLO DE A MEZQUITA.**

Unha vez iniciado este punto da orde do día, interven o Sr. Alcalde –Presidente para manifestar que a Resolución da Secretaría Xeral de Igualdade (Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza), establece as bases reguladoras das subvencións á entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, solicitudes que se poden formular de forma individual ou de xestión compartida.

Como queira, que a Mancomunidade Conso-Frieiras conta cun CIM recoñecido e este Concello de A Mezquita carece de dita servizo, PROPOÑO ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Asinar un convenio de xestión compartida do Servizo que afecta o CIM (Centro de Información á Muller) no cal se recollería o funcionamento e financiación do mesmo dacordo coa seguinte proposta:

1.1.- A Técnica do CIM desprazaríase 2 días ó mes ó Concello de A Mezquita, salvo casos excepcionais nos que se require a súa presenza mais do prazo sinalado.

1.2.- A asesora xurídica do CIM desprazaríase ó Concello de A Mezquita sempre que fora necesario.

1.3.- A xestión do servizo corresponderíalle á Mancomunidade (aspectos materiais, técnicos, tramitacións administrativas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc.)

1.4.- Ó Concello de A Mezquita corresponderíalle aportar a cantidade de 3.000,00 € anuais mais os gastos de desprazamento do persoal necesario dende o Concello de A Gudiña ó Concello de A Mezquita.

2.-A duración do convenio sería dende o 01/05/2018 ó 30/04/2019

Sometida á votación a proposta da Alcaldía, o Pleno Municipal por unanimidade dos asistentes (5 concelleiros, sendo o número legal de membros de 9), ACORDA, aceptar na súa integridade á proposta da Alcaldía e que se remita testimonio do presente acordo á Mancomunidade Conso-Frieiras.

#### **5º.- CESIÓN LOCAL BAIXOS CASA CONSISTORIAL A S.E. CORREOS E TELÉGRAFOS S.A.**

Iniciado o estudio e debate do presente punto de orde do día, inteven o Sr. Alcalde-Presidente o cal manifesta que na actualidade a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos non consta con oficina nin local axeitado neste termo municipal de A Mezquita.



Este Concello de A Mezquita conta nas dependencias municipais da Casa Consistorial cun pequeno local que sería o adecuado para este fin.

Esta Alcaldía, á vista das conversas mantidas con dita sociedade estatal, e co fin de garantir un bo servizo ós vecinos de A Mezquita, propón ó Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

- 1) Ceder o uso do local sito nos baixos da Casa Consistorial (segundo despacho entrando a man dereita) á Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos. O local ten unha superficie de 9,40 m<sup>2</sup> dacordo coa medida que figura no proxecto técnico existentes nas dependencias municipais.
- 2) A cesión de uso terá unha duración de tres anos coa posibilidade de prórroga por outros tres, previo acordo das partes.
- 3) Facultar tan amplamente como en dereito sexa factible ó Sr. Alcalde- Presidente para a realización de cantas xestións ou sinatura de documentos sexan necesarios para o desenvolvemento do presente acordo.
- 4) Dar traslado do presente acordo á Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos S.A.

#### **6º.- MOCIÓNS**

Non se presentaron

#### **7º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formularon

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde da por concluído o Pleno, sendo as vinte e unha horas e dez minutos, do que se levanta a presente acta, que como Secretario, Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,